



# O Concello mellorará a eficiencia de 232 luminarias en distintas parroquias

O Concello de Boqueixón vén de adxudicar as obras de renovación un total de 232 luminarias do alumeado público para mellorar a súa eficiencia enerxética. As melloras levaranse a cabo en seis instalacións localizadas en distintas parroquias e lugares, comprendendo tanto rúas como o interior de núcleos rurais.

En verbas do alcalde boqueixonés, Manuel Fernández Munín, “esta será a primeira de varias actuacións que se acometerán co fin de acadar a total renovación dos máis de 2.700 puntos de luz distribuídos por todo o municipio. A través deste proxecto, estímase que o aforro enerxético será dun 68% reducindo, ao tempo e de xeito considerable, o gasto no alumeado público”.

Os núcleos nos que se levarán a cabo os traballos son O Forte (nos arredores da Casa do Concello), Ardesende, Camporrapado, Villalapaz e a Ponte, entre outros. O prazo de execución dos traballos, que serán acometidos pola empresa Setga SLU, estímase en seis meses.

Esta primeira actuación conta cun orzamento de preto de 130.000 euros. Está acollida á liña de axudas a proxectos de Economía Baixa en Carbono promovidos por Entidades Locais, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e xestionada polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), co obxectivo de conseguir unha Economía máis limpa e sostible. Do



O Forte é un dos núcleos incluídos neste proxecto de mellora do alumeado

montante total do orzamento, o Concello aportará un 20%, mentres que o resto será asumido polo IDAE.

As luminarias actuais serán substituídas por outras LED de última xeración e elevada eficiencia enerxética. O proxecto tamén prevé

a reposición de 6 cadros de mando dos 130 existentes para adaptalos á normativa vixente nesta materia.

Dende o Concello ponranse en marcha outros proxectos para seguir avanzando na renovación do alumeado público.

## Axudas da Xunta para rehabilitación enerxética de vivendas

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), ten en marcha un programade axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes. O prazo para solicitar estas subvencións autonómicas estará aberto ata o vindeiro 31 de xullo. Este programa autonómico está dirixido a persoas físicas ou comunidades propieta-

rias de vivendas e edificios residenciais.

Especificanse dúas liñas: unha, para actuacións en edificios completos que teñan o uso de vivenda unifamiliar ou edificios de tipoloxía residencial colectiva, e outra para actuacións nunha ou varias vivendas ou locais do edificio, consideradas individualmente ou sobre partes dun edificio.

Para poder solicitar estas axudas, as actuacións deberán conseguir como mínimo unha redución do consumo de enerxía final dun 10% con respecto á súa situación de partida. Tamén deberán mellorar a cualificación enerxética total dun inmovible en, polo menos, unha letra medida na escala de emisións de dióxido de carbono (kg CO<sub>2</sub> /m<sup>2</sup> ano), con res-

pecto á cualificación enerxética inicial.

Este programa diríxese a edificios construídos con anterioridade a 2007. Ademais, requirirase que un mínimo dun 70% da superficie construída sobre rasante do inmovible estea destinada a uso residencial.

As solicitudes deberán realizarse a través da sede electrónica da Xunta.

# Boqueixón destina 34.500 euros en axudas para 20 persoas autónomas e microempresas

Unha vintena de persoas autónomas e microempresas radicadas no municipio de Boqueixón percibirán axudas para paliar as consecuencias da pandemia da COVID-19. O Concello vén de publicar o anuncio polo cal se concederán un total de 34.500 euros repartidos nas distintas subvencións.

As persoas autónomas e microempresas beneficiarias deste programa terán ata o vindeiro 31 de marzo de 2021 para presentar de xeito telemático a documentación xustificativa dos gastos subvencionables, tras o cal o Concello procederá ao pago dos importes concedidos -entre 1.500 e 2.500 euros de media-.

Estas subvencións inclúense dentro do Plan PEL Reactiva 2020, cofinanciado pola Deputación da provincia da Coruña. O



principal obxectivo deste programa é impulsar a actividade económica e o emprego no municipio de Boqueixón e contribuír a paliar, na medida do posible, os danos derivados da pandemia da COVID-19,

nas microempresas e persoas autónomas.

As distintas axudas destinaranse ao financiamento de gastos correntes. Deste xeito, búscase contribuír á recuperación e viabilidade das persoas autónomas e

microempresas no novo contexto socioeconómico.

O 60% destas axudas foron destinadas ó sector da hostalaría e aloxamentos e o restante 40% das axudas para autónomos e empresas do sector servizos.

## O Concello delega na Xunta varias competencias urbanísticas

A Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística (APLU) asumirá dende mediados deste mes as competencias urbanísticas en materia de solo non urbano do Concello de Boqueixón. Dita delegación de competencias foi aprobada polo pleno municipal do pasado 25 de novembro e farase efectiva a partires da publicación do devandito

acordo plenario no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Así, a APLU encargárase da inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para as actuacións que se leve a cabo nos solos rústico ou non urbanizable, no urbanizable ou apto para urbanizar e nos núcleos rurais. Quedan, polo tanto, excluídos os solos urbano e industrial.

A efectos prácticos, esta delegación de competencias non implicará modificacións no proceso de solicitude de licenzas. Así, as persoas particulares e as empresas deberán seguir tramitando todos os expedientes urbanísticos no Concello e será a propia administración local a que outorgue ou denegue os proxectos.

Unha vez outorgadas as

licenzas será a APLU a que exerza a posterior inspección de obras e a que leve a cabo, de seren necesarias, as posibles actuacións correctoras (reposición da legalidade, ou sancións, entre outras). Do mesmo xeito, a Xunta actuará sobre aquelas actuacións que non contén con licenza urbanística municipal para proceder ás medidas correctivas pertinentes.

## Cancelación da Festa da Filloa e do Entroido da Ulla

A Festa da Filloa de Lestedo e o Entroido da Ulla no municipio de Boqueixón veñen de ser cancelados. “A situación sanitaria actual impide a celebración de ambas as dúas citas. É unha mágoa ter que deixar de celebralas, mais o principal é contribuír á frear a expansión do virus”, indica o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín.

Dende a Asociación da Festa da Filloa de Lestedo, coa colaboración do Concello, promoverase a creación dunha páxina web na que se ofrezca información sobre esta celebración, así como detalles sobre o Entroido da Ulla. Ademais, prevese a posta en marcha dun concurso fotográfico entre a poboación. Realizarase a través da páxina de Facebook da Festa da Filloa e pretende poñer en valor este icónico produto gastronómico do municipio boqueixonés.

# Abren as inscricións para o programa ‘Entroido Activo’

O Concello de Boqueixón abrirá o prazo para o Entroido Activo. Trátase dun programa lúdico-educativo que busca facilitar a conciliación durante os días non lectivos coincidentes co entroido.

O desenvolvemento das actividades terá lugar nas instalacións municipais do Forte e no CPIP Antonio Orza Couto. Adoptaranse todas as medidas hixiénico-sanitarias necesarias para cumprir a normativa vixente en materia de prevención contra a expansión da Covid-19.

As propostas de lecer desenvolveranse os vindeiros 15 e 17 de febreiro en horario de mañá. A entrada establécese entre as 09.00 e 10.00 horas, e a saída, entre as 13.30 e 14.00 horas.

Ofértanse un total de 16 prazas, dirixidas a alumnado de Educación Infantil e Primaria do Concello e alumnado matriculado/a nun centro educativo de

## Bonificacións

Casos de emerxencia social, unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (537,84€) ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais.	100%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM (806,76€).	60%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM (1.344,6€).	30%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM (2.151,36€).	15%
Condición de familia numerosa xeral.	30%
Condición de familia numerosa especial.	40 €

Boqueixón con necesidade real de conciliación. As inscricións, a realizar entre o 5 e o 10 de febreiro, adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición. O custo das actividades incluídas neste programa de conciliación familiar e laboral é de 10 euros.

As persoas interesadas deberán remitir a ficha de solicitude (dispoñible na web municipal) e demais documentación por unha

das seguintes vías: telemática (a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón -preferente-) ou presencial, a través do rexistro municipal (sempre mediante a solicitude de cita previa).

A documentación que se deberá achegar xunto coa ficha de inscrición está especificada nas propias bases deste programa (tamén dispoñibles na web municipal).

## Prazo aberto para solicitar as axudas PEL-Relevo e PEL-Rurinnova

A Deputación da Coruña ten aberto o prazo para solicitar as axudas de dous plans dirixidos a persoas menores de 30 anos: PEL-Relevo e PEL-Rurinnova. Ambos os dous programas diríxense a municipios de menos de 5.000 habitantes ou con menos de 10.000, pero cun saldo demográfico negativo.

O obxectivo destas iniciativas é impulsar a creación de emprego e a

posta en marcha de novos proxectos empresariais no rural da provincia. Ambas liñas de axudas contan cun orzamento total de 921.000 euros, do que o 80% é subvencionado polo Programa Operativo de Emprego Xuvenil, Fondo Social Europeo.

O PEL-Relevo permitirá subvencionar a contratación de ata 80 mozas e mozas menores de 30 anos. As axudas estarán

limitadas ás empresas que realicen contratacións indefinidas a tempo completo. A mocidade deberá estar inscrita no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e empadroada nun dos municipios. Cada empresa poderá solicitar axudas para contratar ata cinco persoas mozas traballadoras distintas.

As solicitudes deberán remitirse, a través da sede electrónica da Deputa-

ción, antes do 31 de decembro deste ano.

Pola súa banda, a liña PEL-Rurinnova centrarase no fomento do autoemprego e a creación de empresas a través de accións dirixidas ao desenvolvemento de iniciativas empresariais por parte da mocidade menor de 30 anos.

Neste caso, as persoas interesadas en solicitar as axudas deberán formalizalas antes do 30 de abril.



# Boqueixón, en alerta máxima pola COVID-19

A terceira vaga da pandemia da COVID-19 está a afectar ao Concello de Boqueixón de xeito considerable. Apé-lase á responsabilidade da veciñanza á hora de tomar as medidas oportunas para velar pola saúde pública segundo as indicacións das autoridades sanitarias.

Ao igual que toda Galicia, o municipio atópase en alerta máxima sanitaria, como mínimo, ata o 17 de febreiro. A incidencia do virus no municipio roldaba os 100 casos detectados por Probas Diagnósticas de Infección Activa (PDIA) a finais de xaneiro. De feito, o SERGAS realizou na última semana do pasado mes un cribado entre a poboación de entre 30 e 44 anos. Das máis de 700 persoas convocadas, acudiu o 70%, dando como resultado dous positivos.

Dada a preocupante situación, estanse a levar a cabo unha serie de medidas co fin de frear a expansión da COVID-19 no municipio. Entre elas, a Xunta decretou o peche da hostalería, agás nos casos de servizo de recollida e a domicilio. Dende o Concello, compilouse a información sobre os distintos locais que ofrecen este tipo de servizo co fin de amosar o seu apoio a un sector tan fortemente castigado por esta pandemia.

## Teléfono de axuda

Ademais, e co fin de axudar á cidadanía, o Concello habilitou un número de teléfono (981 513 106) para aquelas persoas que vivan soas ou que teñan que gardar corentena por mor da COVID-19, e precisen axuda para realizar actividades esenciais (ir á compra, á farmacia...).



As feiras de Lestedo e Sergude continuarán funcionando, sen superar o máximo da metade dos postos habituais

## Comida e café para levar en Boqueixón

<p> <b>Restaurante 'Vente Vindo'</b> Gándara, nº 5, Sergude Teléfono: 981 511 947 Todos os días de 11.00 a 14.00 h. e de 20.00 a 21.30 horas</p>	<p> <b>Café Bar 'García'</b> Ardesende, 26. Codeso Teléfono: 981 512 406 Móbil: 639 147 850 De luns a venres de 09.00 a 15.00 horas</p>	<p> <b>Servizo de comida por encargo para levar</b></p>
<p> <b>Casa de Xantar 'Casa Castro'</b> Sergude, nº 14 Teléfono: 981 511 823 Móbil: 665 017 327 De luns a venres de 09.00 a 15.00 horas</p>	<p> <b>Café Bar 'O Imprevisto'</b> Forte, nº 17 Tel. 677 623 478 De luns a domingo de 10.00 a 15.00 horas Sábado de 20.00 a 21.30 horas</p>	<p> <b>Servizo de café para levar</b></p>
<p> <b>Restaurante 'Via da Prata'</b> Avda. do Vinteseis, nº 89 Lugar de Villar, Lestedo Tel. 630 941 372 De luns a sábado de 09.00 a 21.30 h. Domingo de 09.00 a 14.00 horas</p>	<p> <b>Parrillada 'Fuentes'</b> Praza da Feira, nº 3 Lestedo Tel. 686 933 405 Só polbo á feira Sábados e domingos, de 10.00 a 15.30 horas</p>	<p> <b>Servizo de comida previa reserva e de café para levar</b></p>
<p> <b>Bar 'Couto'</b> Lamas, O Burgo, nº 11 Tel.: 981 513 094 De luns a sábado de 07.00 a 21.00 horas Domingo de 08.00 a 21.00 horas</p>	<p> <b>Taberna 'O Tapeo'</b> Rúa Virxón de Lourdes, nº 3 - Balxo, Lestedo Tel. 629 052 108 De luns a venres, de 06.00 a 18.00 horas Sábado e domingo, de 08.00 a 18.00 horas</p>	<p> <b>Servizo de comida por encargo para levar</b></p>
<p> <b>Servizo de reparto a domicilio</b></p>	<p> <b>Carnicería 'A Poita Marela'</b> Avda. do Vinteseis, 7 - Lestedo Tel. 981 503 434 De martes a sábado, a partir das 18.00 horas</p>	<p> <b>Servizo de comida por encargo para levar</b></p>

**#APOIOÁHOSTALERÍA**  
**#APOIOACOMERCILOCAL**

RESPECTA A NORMATIVA

No caso da atención nas oficinas municipais, sempre se realizará con cita previa. Neste senso, pré-gase a toda a veciñanza que, na medida do posible, empregue os medios telemáticos ou telefónicos para realizar trámites co Concello.

As novas restricións decretadas pola Xunta com-

prenden a restrición da mobilidade ao propio municipio. Só se permiten reunións entre conviventes. O comercio local deberá pechar ás 18.00 horas e o toque de queda mantense nas 22.00 horas. Todas as actividades deportivas e de carácter cultural, educativo e lúdico (agás as de conciliación familiar) que-

dan suspendidas. A biblioteca municipal de Boqueixón tamén permanece pechada. A práctica do deporte deberase realizar de xeito individual, ao ar libre e utilizando sempre a máscara.

No caso da asistencia aos lugares de culto, non se poderá superar o terzo do aforo total. O límite máximo para velorios é de 5 persoas por túmulo -excluídas persoas conviventes- e de 15 asistentes no exterior.

## Normativa nas feiras

Pola súa banda, as feiras de Lestedo (1º e 3º domingo de mes) e de Sergude (2º domingo de mes) continuarán a súa actividade, mais só poderán acudir, como máximo, a metade dos postos. A normativa específica para estas actividades estipula que se priorizarán de produtos alimenticios e de primeira necesidade. En ningún caso a clientela poderá manipular os produtos na feira. O uso da máscara, o mantemento da distancia social de metro e medio e a hixiene de mans son medidas de obrigado cumprimento tanto para os operadores comerciais participantes como para as persoas usuarias.